



Sobre la guerra y la violencia en el discurso femenino (1914-1989)

Rosa Rius Gatell (ed.)

Barcelona, Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona, 2006

O século XXI, vistos os seus comezos e nesta altura, non ten moi boas trazas. Guerra, violencia, vencelladas ao xurdimento dunha nova orde mundial, acompañando os profundos cambios que nos toca vivir e pensar. Dalgún xeito semella confirmarse aquilo de “sempre haberá guerras”, “sempre haberá violencia”, ou como tamén se acostuma a repetir, “sempre haberá ricos e pobres”. Con outras palabras, quérese naturalizar ou despolitizar, non problematizar, as accións e relacións humanas e, consecuentemente, minar calquera pensamento, discurso, acción ou manifestación do contrario. Mais, unha e outra vez, a guerra, a violencia, colócanos ante a fragilidade das relacións humanas, ante o interrogante sobre a política e a súa especificidade, ante a razón e o universal. Esixennos fuxir das simplificacións e dos esquematismos tanto de quen acredita nunha ‘natureza humana agresiva’ como do ‘pacifismo natural’, e como non, da adscrición de ditos esquemas, correlativamente, á natureza ou esencia masculina e feminina. Cinismo ou inxenuidade no son dende logo as únicas alternativas. O conxunto de textos reunidos nesta edición de Rosa Rius Gatell responden ao intento de afastarse dos camiños trillados á hora de reflexionar sobre estas cuestións, de aí que se propoñan, e nos propoñan, achegarse á guerra e a violencia no século XX dende unha posición anti-belicista, tentando comprender a súa complexidade, teimando en que é posible poñerlle límites, e facéndoo dende un lugar pouco transitado, o discurso feminino, e ben acoutado (1914-1989).

Camiño pouco transitado nun dobre sentido. En xeral, dende Grecia, o pensamento filosófico occidental ocupouse da guerra, central ou lateralmente, sendo unha preocupación maioritariamente masculina. O mesmo podería dicirse da violencia, aínda que neste caso, como sinala Rius acudindo a H. Arendt, non deixe de sorprenden a carencia dun tratamento máis específico. A miúdo as mulleres aparecen como vítimas das guerras e da violencia, en menor medida chegamos a percibir as súas voces, os relatos das súas experiencias, a singularidade dos seus pensamentos, os seus “modos de facer e de ver”. Así pois, *Sobre a guerra e a violencia* ten de seu o mérito de que sexan mulleres as que acometan a tarefa de abordar unhas cuestións difíciles, complexas, rachando coa liña maioritaria; e ten

ademais o enorme valor engadido de tomar como eixo o discurso feminino, pondo en primeiro plano o pensamento, dando protagonismo a un fato de mulleres que directa ou indirectamente sufriron, pensaron, viviron ou viron guerras e violencia. Camiño tamén ben acoutado pois, no que atinxe á dimensión temporal, a escolla –comezar coa Gran Guerra e rematar coa caída do muro de Berlín–, aínda que en principio xurda da necesidade de acoutar, atendendo ás indicacións de Rius na introdución podemos ver que vai máis alá. Tras ela áchase sobre todo o interese nun período de crise e acontecementos esmagadores no que se fai necesario “escoitar con atención” o que contan algunhas autoras, e como o contan, en diversos rexistros. Os textos que conforman este libro veñen entón cubrir un baleiro importante na literatura ao uso. Cómpre non pasar por alto que detrás deles e deste esforzo de recuperación do discurso feminino está o Seminari de Filosofía i Gènere da Universitat de Barcelona, que con máis de unha década de traballo ás súas costas segue a dar constancia dunha sinalada traxectoria de encontros e textos.

O libro estrutúrase en tres apartados: *Da violencia*; *Da guerra*; e *Para ler a Nicole Loraux (1943-2003)*. Os dous primeiros constan de cinco intervencións. *Da violencia* iníciase cun texto de Fina Birulés no que se presenta o pensamento de Hanna Arendt ao fío da violencia e a revolución. A violencia, se ben pode servir para destruír o poder político, dificilmente pode axudar a crealo, de aí que as revolucións supoñan un corte, unha ruptura, mais o que as caracterizaría sería o seu carácter espontáneo, inaugural e de fundación da liberdade. Interesa, entón, a historia das revolucións en tanto que unida á violencia. Birulés analiza, porén, o polémico texto *Sobre a revolución*, pondo de manifesto a preocupación, a contracorrente, de Arendt por soste que totalitarismo e revolución non teñen por qué ir da man. O obxectivo da revolución é a liberdade, a esencia do totalitarismo e a “completa anulación do político”, acertando ao expresar o pensamento de Arendt tras *As orixes do totalitarismo* (de agora en diante, as traducións son miñas): “Así, fronte ao naufraxio do político no século XX, dedicou boa parte da súa obra posterior, en primeiro lugar, a repensar e rehabilitar o sentido, a especificidade e a dignidade da política e, en segundo lugar e no mesmo xesto, a profundar na análise da sociedade moderna como proceso de despolitización e baleirado da liberdade pública” (8). O texto dá boa conta desta dobre preocupación amosando a vinculación entre novidade e violencia na revolución moderna, a forma de entender o poder, o contrato, a liberdade política, facendo especial fincapé na importancia da historia ocultada, da fundación da liberdade e da problemática ‘cuestión social’, do espírito revolucionario, en definitiva dos derroteiros das revolucións francesa e da americana.

Ao meu modo de ver, o interese deste primeiro escrito no se esgota, obviamente, nunha lectura de Arendt, xa que conecta coas cuestións que son cruciais hoxe e que son así mesmo o cometido do texto co que se remata o apartado da violencia: “Violencia, política y razón” de Rada Ivekovic. Nel achamos un bo contrapunto en tanto nos coloca ante os

problemas epistemolóxicos, normativos e práctico-políticos. Agora ben, trátase de pensar o presente. Mentres Birulés tira das posibilidades políticas das marxes da tradición hexemónica para “nutrirmos en tempos de sequía”, Ivekovic apunta á necesidade de atender aos novos suxeitos políticos e á nova reconfiguración xeopolítica. Cómpre estar atentas aquí ao emprego de ‘política’ e ‘político’ (69) e da razón como *partage de la raison*, como razón dividida/compartida e entender, polo tanto, a violencia como o froito da división que esclerotiza, que paraliza ou afoga o movemento e a pluralidade de significado. Con estas ferramentas, e tendo en conta as dimensións individual e colectiva, a autora enxerga o tema da constitución das identidades, da mesmidade e da diferenza. Neste contexto reflexivo a ‘sexuación’, e a súa instrumentalización, o que conleva a *partage de la raison*, agroma como mecanismo que “ten por obxectivo a apropiación e a reprodución do idéntico”. Sexualo todo é a forma esencial da mesmidade. Acredita que todas as desigualdades son historicamente construídas: “O xénero (desigualdade sexual) é a primeira e máis explícita expresión do ‘compartir/dividir da razón’ (*partage de la raison*). Esta atópase no fondo de toda dicotomía (xerarquía, desigualdade, etc.) como mecanismo xeral e ‘primordial’, non só dos sexos” (77). De aí que se vexa como un “nodo crucial” a relación entre a diferenza de xénero e a diferenza nacional, que se avogue pola necesidade de repensala. A súa análise e propostas descansan no ‘paradoxo existencial’, isto é, na constatación de que estamos atravesadas por diferenzas que non poden ser reducibles a ‘esencias’, a oposicións binarias estáticas, e que a levan a soste “unha dúbida saudable formulada polos termos compartir e *partager* que, afortunadamente, son ambiguos”. As calas en Spivak, Butler, Ziarek, Maillard, Zambrano, sérvenlle para explorar aquelas bifurcacións da razón que non conducen á reificación e esclerotización das identidades. Conclúese cunha aposta por encetar un permanente proceso de tradución, dende unha comprensión da autonomía do suxeito que é “complexa, contextual, relacional e relativa”, e defendendo que a razón “é mellor cando é compartida”, é dicir, cando non é patrimonio de ninguén, cando se participa dela xunto aos outros. O illamento da razón é o camiño á violencia.

Entremedias deste apartado, temos dous escritos que nos sitúan na crítica á violencia patriarcal na cultura occidental e apuntan á recuperación de figuras femininas que rachan con ela. A violencia tamén acostuma a levar consigo a busca e necesidade de ‘chibos expiatorios’ e ‘sacrificios humanos’. Anna Fedele mergúllanos na lectura feminista da *Medea* de Christa Wolf (1996), unha excepción ao marco temporal proposto no libro que paga a pena. De novo estamos ante o problema da alteridade, obríganos a pensar sobre a exclusión e a demonización do outro, sobre as bases que lexitiman a violencia. Fedele salienta os distintos eixos da obra wolfiana entendida como un exercicio que se propón “ofrecer as ferramentas teóricas para reflexionar sobre a violencia” (26), dando conta do xogo interpretativo que comporta, e que “pon de manifesto o proceso de construción do ‘outro’ como ontolóxicamente diferente, e da alteridade como algo insuperable que ademais permitiu e aínda permite xustificar a violencia”

(36). A *Medea* de Wolf é provocadora, non agocha a súa alteridade, non é submisiva, non acepta depender ou pertencer a un home e, xa que logo, fai agromar o temor, o medo, e de aí a violencia. En *Cassandra*, en *Medea*, atopamos unha relectura da cultura occidental en clave feminista, isto é, unha que persegue ofrecer figuras femininas que sirvan de referencia. Para Wolf iso implica salientar os trazos matriarcais da cultura occidental. A crítica do patriarcado como sistema que sustenta a guerra, a agresividade e a violencia que desenvolve Victoria Sau nas súas obras, como subliña Sonia Guerra López, lévanos de novo ás traxedias gregas e as traxedias de hoxe. Chama a atención sobre *As Euménides*, sobre a *Orestíada* de Esquilo, como texto fundamental da cultura patriarcal occidental. A saída tamén é a da fin do patriarcado e as posibilidades un novo momento histórico no que se restituía á Nai, non nun sentido biolóxico, e se desacraliza ao Pai.

Se centrarse na violencia nos seres humanos mesmos abonda, Montse Barderi i Palau acude a Margarite Yourcenar para reparar nunha forma de violencia, a que se exerce sobre os animais, que non pode verse máis ca como unha outra manifestación daquela. Así vemos como Yourcenar insiste na pouca afortunada dirección que tomou a tradición xudeo-cristiá, e mesmo na banalización de Descartes, para sinalar as bases do tratamento que a nosa civilización, a sociedade actual, da á continuidade animal-humano. Amósanos unha escritora que se rebela contra un mundo que non lle gusta como vai, que loita contra a ignorancia, a indiferenza, a inxustiza, a crueldade, e que busca acougo e forzas na “dimensión sagrada da existencia” (49), na vida, en recompoñer a relación co mundo animal e natural, onde respecto e simpatía tornan con significado.

Indo ao segundo apartado do libro, *Da Guerra*, arrancam os coa Gran Guerra, a crise da civilización occidental e a traxedia da historia europea. Aránzazu Usandizaga Sainz dinos cal é o seu obxectivo: “non só entender as razóns e os acontecementos da Gran Guerra, tarefa case imposible a pesares da inmensa literatura histórica e crítica que existe ao respecto, senón esculcar como o conflito afecta á cultura das mulleres, inicialmente nos países aliados, Gran Bretaña e Estados Unidos en particular, e posteriormente en todo o ámbito occidental” (85). De aí que vaia centrarse nos textos bélicos en inglés, lingua na que máis mulleres escriben. Entre outros, o interese fundamental da proposta de análise de Usandizaga é que permite ver como esta guerra supón un fito importante non só para a historia europea en xeral senón moi en particular para as mulleres. Isto é, que non tivo as mesmas consecuencias para homes e mulleres: “Se a guerra foi para os homes un sacrificio inútil e masivo, para as mulleres supuxo a maior resurrección da historia”. Non se trata só de que sen a axuda das mulleres a guerra non se tería gañado; acontece que para moitas mulleres é posible o exercicio da independencia, na súas vidas, no seu traballo e, por suposto, a través da escrita, da narración das súas experiencias da guerra. Constata como estes cambios xeran misoxinia. Textos como os de D.H. Lawrence son significativos. Usandizaga salienta a invisibilización das mulleres

narradoras da Gran Guerra por parte dos primeiros estudosos da literatura producida pola guerra, facendo fincapé na recente recuperación destes escritos como fonte de novas vías interpretativas. Especialmente suxestivos resultan os seus apuntamentos sobre Edith Wharton, Dorothy Canfield Fisher, Gertudre Stein, Vera Brittain e, por suposto, Virginia Woolf. Todas elas fachos, figuras senlleiras que nos confrontan á complexidade da guerra, dos seus horrores, como experiencia individual e colectiva, e sen precedentes para as mulleres. O camiño das mulleres no século vinte non será doado: “Despois do importante paso laboral e político que a muller consegue coa guerra, Woolf evoca o reto de acadar o maior e máis difícil dos logros para as mulleres: a súa capacidade de proxectárense nunha arte propia” (100).

Nin cinismo nin irenismo inxenuo, afondar noutras alternativas é o que aúna ás filósofas convocadas –Simone Weil e H. Arendt– por Maite Larrauri e Stefania Fantauzi. Quizais porque en certa medida ambas as dúas, como ben sinala Larrauri, virían coincidir nunha maneira de entender en que consiste a tarefa de pensar (108). Larrauri desenvolve unha lectura de Weil artellando unha argumentación que bota luz sobre os perigos dunha trivialización moralista do discurso pacifista. Isto supón centrarse na análise das relacións de forza, de poder, como parte da nosa existencia e comprender en que medida a guerra, seguindo a Weil, “é un episodio imaxinario”. Os fortes son quen gaña as guerras, sabelo tería que nos servir para poñerlle diques e subscribir un certo, neste sentido, inmoralismo, porque as guerras tampouco as gaña a moral. Hai que, pola contra, contrapoñerlle unha outra enerxía, aquela que deriva do “principio das alas”, rescatando as palabras e a razón dos prexuízos e os clixés. A interpretación weiliana de Platón ten bastante que ver á hora de entender que, malia todo, “agardamos invenciblemente o ben”. O Ben non é deste mundo, si que o é “o desexo de Ben en todos nós, e iso é unha garantía para combater as relacións de forza e para poñerlles certo límite” (111). Ao antibelicismo e non resignación é a onde nos levan estas reflexións ante a realidade das guerras: “o autenticamente triste sería que nos resignásemos a non combatelas”.

Volvendo sobre o pensamento de Arendt, Fantauzi ofrécenos un achegamento ás articulacións de *polis* e *pólemos*, ao nacemento e especificidade da política e á exclusión da violencia e a guerra, tomando como punto de referencia fundamental: *¿Que é a política?* Dun xeito claro e rigoroso condúcenos polas reviravoltas da reflexión arendtiana a propósito da cuestión da orixe, sobre a fundación da cidade; da guerra á política pasando por Troia, Atenas e Roma. O tránsito da guerra, do modelo agonístico, do conflito e a súa transformación en diálogo político. Amosando o peso que chega a ter Roma e a orixe do concepto de lei, e a súa importancia tanto para a fundación como para comprender a violencia e a guerra. Naturalmente é este un texto para ser lido a carón do de Birulés, pois refírese, como non podía ser doutro xeito, ás experiencias das revolucións e incide na distinción sobre a liberdade e a liberación,

concluindo así mesmo na escasa potencialidade creadora da violencia e acreditando, porén, na fenda que abre: “a fin de preparar o espacio para o nacemento de algo novo”. Prescínlese tamén do pacifismo non, unha vez máis, do antibelicismo.

A Guerra Civil Española –a primeira guerra na que, sinala Usandizaga, “se introducen e xeralizan os bombardeos letais” (84)– constitúe o nexa entre os textos de María Salvador Ribes e de Elena Laurenzi. O primeiro “Imágenes de la guerra civil española en la obra poética de Helen Joy Davidman”, apórtanos a visión desta poeta en *Letters to a Comrade* (1938) respecto a guerra civil e á loita contra o fascismo co interese que supón telo feito sen ser testemuña directa da mesma. Tamén aquí xorde a problemática relación entre seres humanos e natureza. Seguindo a María Salvador, percibimos a forza expresiva e o compromiso desta escritora. En “‘Si cae España’: María Zambrano y la guerra”, Elena Laurenzi, condúcenos polos escritos da filósofa, da que é boa coñecedora, que teima tamén nos perigos da paz. Presenta un achegamento á vida e obra de Zambrano dende a esixencia de repensar o significado da guerra civil, en tanto experiencia que conecta co soño dunha revolución pacífica que anima a súa obra máis madura. Cómpre ler este texto con certo vagar pois o que nel podemos achar non é só a singularidade, radicalidade e compromiso do pensamento de Zambrano; nel hai unha parte importante e quizais pouco coñecida da nosa propia memoria histórica. Voltamos ás reflexións, agora desde un outro ángulo, sobre o sacrificio e a historia dos vencedores, e de novo, malia todo, sobre a posibilidade de manter algunha esperanza.

Finalmente, na terceira parte do libro, ademais de rendérselle un merecido recoñecemento póstumo a Nicole Louraux, Montserrat Jufresa e Ioanna Papadopoulou-Belmehti ofrecen unha boa guía do seu pensamento, dan conta da súa importante traxectoria como investigadora que abriu novos camiños e rachou fronteiras. Quizais o mellor peche desta reseña dun libro cargado de “armas propias”, como di Rius, sexa recomendar a lectura de “A gloria e a morte dunha muller” de Louraux que, a súa vez, pecha este suxestivo, reflexivo, oportuno e recomendable libro sobre a violencia e a guerra.

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO
Universidade de Santiago de Compostela